# ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

## ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACIÓN E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO.

Sendo as 12:00 horas do día 22 de novembro de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Sonia Méndez García Sra. Teniente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais don Francisco Fraga López, concelliro delegado da área de Servicios Xerais e Modernización Administrativa, dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista, dona Paz Abraira Sobrado polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodriguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, letrada asesora do Concello, don Eduardo Risco Bóveda, Analista Programador D.T. e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procédese por parte do Sr Secretario a informar aos membros da mesa que no informe técnico emitido polo Analista programador D.T. do Servizo de Informática relativo a valoración dos criterios avaliables mediante aplicación de fórmulas, o cal xa se derá lectura na sesión da mesa de contratación do día 15 de novembro de 2012, foi detectado un erro do cadro de puntuacións finales, polo que o referido técnico (presente neste acto para dar as oportunas explicacións de como se produciu o erro cometido) presentou novo informe do que se da lectura, e co seguinte teor:

"En relación coa súa solicitude de comprobación das ofertas presentadas, especialmente das ofertas de certificacións ISO, para a "CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE VIRTUALIZACIÓN E COPIA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LUGO", teño que informar:

Que os criterios avaliables mediante aplicación de fórmulas e a puntuación correspondente a cada un son os que seguen:

| | |
|---|---|
| CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE **APLICACIÓN DE FÓRMULAS** | 49 Ptos |

| | |
|---|---|
| **Oferta económica:** | **28** |
| Custo do total do proxecto | 28 |
| **Garantía e mantemento:** | **19** |
| Ampliación nun ano do prazo de garantía hardware (máx 1 ano) | 12 |
| Ampliación garantía software (update & support) e | 6 |

| | |
|---|---|
| servizos (máx contrato) | |
| Posesión da ISO 27001 | 0,5 |
| Posesión da ISO 20000 | 0,5 |
| **Instalación e configuración** | **2** |
| Tempo de instalación, configuración e probas, max 2 meses. | 2 |

Que o cálculo da puntuación dos criterios avaliables mediante aplicación de fórmulas é como segue:

Custo total do Proxecto:
$P_i = P_{max} \times O_m / O_i$ , sendo:

- $P_i$: puntuación da oferta i, oferta a valorar
- $P_{max}$: Puntuación máxima: (28 ptos).
- $O_m$: importe da mellor oferta, oferta admitida máis favorable
- $O_i$: importe da oferta i, oferta a valorar

Para o resto dos criterios aplicaranse criterios de proporcionalidade directa ou inversa, segundo o caso, tendo en conta que as ofertas con valor igual ó valor esixido no prego puntuarán 0 puntos e a mellor oferta, levará os puntos máximos.

Que os datos indicados na Acta da Mesa de Contratación constituída o 4 de outubro de 2012, respecto ó aportado no sobre C (oferta económica e datos avaliables mediante fórmulas) de cada oferta presentada, son os seguintes:

| | IPM | Altia | ASAC | Plexus | Ednon | Inforhouse-1 | Inforhouse-2 | Inforouse-3 | Itelsis |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Prezo Contrato (sen IVE) | 78.900,00 | 79.700,00 | 79.990,00 | 76.400,00 | 71.500,00 | 75.900,00 | 75.780,00 | 79.250,00 | 79.948,00 |
| Ampliación Garantía HW | 12m | 12m | 12m | 12m | 12m | 12m | 0m | 0m | 12m |
| Ampliación Garantía SW | 12m | 2m | 12m | 0m | 12m | 12m | 0m | 0m | 12m |
| ISO 27001 | No | Si | Si | No | Si | No | No | No | No |
| ISO 20000 | No | Si | Si | Si | Si | Si | Si | Si | No |
| Tempo Instalación, ... | 6s | 2m | 0,5m | 2m | 20d | 2m | 2m | 2m | 3s |

Comprobáronse as certificacións ISO aportadas polos licitadores, sendo necesario realizar as seguintes apreciacións:

- A empresa Tecnologías Plexus S.L. aporta copia do certificado ISO 17001, que limita o cumprimento das especificacións da dita norma ó Centro de Atención ó Usuario (CAU), polo que neste caso non se considera puntuable.
- A empresa Sistemas Audiovisuales Itelsis S.L. aporta unha copia dun certificado ISO 20000 que deixou de ser válido o 29/11/2004, estando ademais expedido a nome doutra compañía: Proyectos Integrales de Fibra Óptica S.L. (PROINFO). Non se tivo en conta este certificado para o cálculo da puntuación.
- O resto das certificacións son correctas, tendo comprobando a validez das que presentaban algunha dúbida na web de AENOR.

Por outra banda, ningunha das ofertas da empresa Inforhouse indica o tempo de instalación, configuración e probas, polo que se considerou o tempo máximo especificado no prego.

Tendo en conta o exposto, e de acordo ó xeito de calcular a puntuación das ofertas fixado no prego de especificacións técnicas do concurso, a proposta de puntuación dos criterios avaliables mediante fórmulas que se presenta á mesa de contratación é a que segue.

| | Om | IPM | Altia | ASAC | Plexus | Ednon | Inforhou<br>se-1 | Inforhou<br>se-2 | Inforhou<br>se-3 | It |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Prezo (sen IVE) | 71.50<br>0,00 | 78.90<br>0,00 | 79.70<br>0,00 | 79.99<br>0,00 | 76.40<br>0,00 | 71.50<br>0,00 | 75.900,<br>00 | 75.780,<br>00 | 79.250,<br>00 | 7<br>8 |
| Ampl. Gar. HW (meses) | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 12 | 0 | 0 | 1 |
| Ampl. Gar. SW (meses) | 12 | 12 | 2 | 12 | 0 | 12 | 12 | 0 | 0 | 1 |
| ISO 27001 (Si/Non) | | 0 | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| ISO 20000 (Si/Non) | | 0 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 | 0 |
| T. Instalac. (31 días/mes) | 15,5 | 42 | 62 | 15,5 | 62 | 20 | 62 | 62 | 62 | 2 |
| Puntuación: | Pmax | | | | | | | | | |
| Prezo | 28 | 25,37<br>39 | 25,11<br>92 | 25,02<br>81 | 26,20<br>42 | 28,00<br>00 | 26,3768 | 26,4186 | 25,2618 | 2<br>1 |
| Ampl. Gar. HW | 12 | 12,00<br>00 | 12,00<br>00 | 12,00<br>00 | 0,000<br>0 | 12,00<br>00 | 12,0000 | 0,0000 | 0,0000 | 1<br>0 |
| Ampl. Gar. SW | 6 | 6,000<br>0 | 1,000<br>0 | 6,000<br>0 | 0,000<br>0 | 6,000<br>0 | 6,0000 | 0,0000 | 0,0000 | 6<br>0 |
| ISO 27001 | 0,5 | 0,000<br>0 | 0,500<br>0 | 0,500<br>0 | 0,000<br>0 | 0,500<br>0 | 0,0000 | 0,0000 | 0,0000 | 0<br>0 |
| ISO 20000 | 0,5 | 0,000<br>0 | 0,500<br>0 | 0,500<br>0 | 0,500<br>0 | 0,500<br>0 | 0,5000 | 0,5000 | 0,5000 | 0<br>0 |
| T. Instalac. | 2 | 0,860<br>2 | 0,000<br>0 | 2 | 0 | 1,806<br>5 | 0,0000 | 0,0000 | 0,0000 | 1<br>4 |
| **Totais** | **49** | **44,23<br>41** | **39,11<br>92** | **46,02<br>81** | **26,70<br>42** | **48,80<br>65** | **44,8768** | **26,9186** | **25,7618** | **4<br>4** |

A proposta de puntuación final, segundo os cálculos reflectidos na táboa anterior, recóllense na táboa a seguir:

| | IPM | Altia | ASAC | Plexus | Ednon | Inforhouse-1 | Inforhouse-2 | Inforhouse-3 | Itelsis |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Puntos** | **44,2341** | **39,1192** | **46,0281** | **26,7042** | **48,8065** | **44,8768** | **26,9186** | **25,7618** | **44,8047** |

É canto teño que informar."

A continuación os membros da mesa proceden a elaboración do cadro final de puntuacións, co seguinte resultado:

| | CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (XUIZO DE VALOR) | CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE | TOTAIS |
|---|---|---|---|
| INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L | 34,4629 | 44,2341 | 78,6970 |
| ALTIA CONSULTORES, S.A. | 41,0595 | 39,1192 | 80,1787 |
| ASAC COMUNICACIONES, S.L | 39,0901 | 46,0281 | 85,1182 |
| TECNOLOGIAS PLEXUS, S.L | 32,2218 | 26,7042 | 58,9260 |
| EDNON, S.L | 30,3602 | 48,8065 | 79,1667 |
| INFORHOUSE, S.L 1 Variante | 34,9001 | 44,8768 | 79,7769 |
| INFORHOUSE, S.L 2 Variante | 36,7815 | 26,9186 | 63,7001 |
| INFORHOUSE, S.L 3 Variante | 35,0336 | 25,7618 | 60,7954 |
| SISTEMAS AUDIOVIUALES ITELSIS, S.L | 36,1225 | 44,8047 | 80,9272 |

Tendo en contra todo o anterior, os membros da mesa acordan propoñer a adxudicación da contratación de referencia a mercantil ASAC COMUNICACIONES, S.L por ser a oferta máis vantaxosa no seu conxunto para este Concello nas condicións incluidas na súa proposta técnica e económica.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12:15 horas no lugar sinalado no encabezamento.

| A PRESIDENTA | O SECRETARIO |
|---|---|
| Asdo: Sonia Méndez García | Asdo: Manuel Louzao Aldariz |